

**MELLADO BLANCO, Carmen; MARTINS, Vicente de Paula da Silva (2024).** *O pão nosso de cada dia. A fraseologia bíblica e a sua representación na literatura brasileira do século XIX.* São Carlos: Pedro e João Editores. ISBN 978-65-265-0957-9. 146 pp.<sup>1</sup>



*O pão nosso de cada dia. A fraseologia bíblica e a sua representación na literatura brasileira do século XIX* é unha publicación bilingüe, en español e portugués brasileiro, lanzada en 2024 pola editorial Pedro e João Editores, con sede na cidade de São Carlos, no Brasil. Asinan a autoría do libro, que conta con 146 páxinas, a profesora Carmen Mellado Blanco, da Universidade de Santiago de Compostela (España), e o profesor Vicente de Paula da Silva Martins, da Universidade Estadual do Vale do Acaraú (Brasil). O volume tamén presenta ilustracións realizadas polo profesor José Leite Junior, da Universidade Federal do Ceará (Brasil).

A obra inicia cunha breve nota de agradecementos, seguida do sumario e dun prólogo, escrito en español, no cal a profesora Mellado destaca a relevancia do estudo dos bibleismos, isto é, dos

fraseoloxismos de orixe bíblica, como ferramenta para comprender a linguaxe figurada e a mentalidade de distintos pobos ao longo da historia. A autora enaltece a riqueza metafórica cristalizada nas Escrituras (en alusión á Biblia) e a súa incorporación na oralidade e na cultura das linguas europeas, suxerindo que a análise das unidades fraseolóxicas bíblicas ofrece un acceso privilexiado ás inquietudes humanas universais e ás formas ancestrais de pensar por imaxes.

Deseguido, despois de indicar cales son as xustificacións da escolla do tema abordado e delimitar os obxectivos da investigación, a autora explica a organización interna do volume, o cal está dividido en dúas partes principais: a primeira, titulada *Como os bibleismos foram sendo incorporados às diferentes línguas e culturas*, está composta pola reedición de dous estudos independentes da propia autora, de cuño contrastivo e teórico, ambos desenvolvidos no ámbito do proxecto de investigación CONSTRIDIOMS: Construction Grammar and Phraseology: German and Spanish Constructional Idioms in contrast through Corpora, coordinado por Mellado na Universidade de Santiago de Compostela; a segunda, que ten por título *Thesaurus de bibleismos da literatura brasileira do século XIX*, trátase dunha sección práctica e descritiva, de autoría do profesor Martins, na cal se detallan, mediante un glosario fraseolóxico, 41 bibleismos supostamente extraídos da literatura brasileira do século XIX. Con todo, non se fai ningunha mención ás obras

<sup>1</sup> Tradución do portugués de Uxía Fraga Guillán (ata «[...] arredor do concepto de camiño») e Claudia Almuíña Zafra (desde «En primeiro lugar, a autora[...]») en conxunto (Universidade de Vigo).

literarias que, eventualmente, servirían de corpus para a investigación. Tampouco se describiron as escollas metodolóxicas adoptadas para a recompilación, catalogación, clasificación e/ou definición dos fraseoloxismos bíblicos que compoñen o traballo. Ao final do prólogo, Mellado reitera, porén, a importancia da diversidade pragmática e semántica dos bibleísmos entre linguas próximas, defendendo o potencial desa temática para o avance da fraseoloxía comparada.

O primeiro estudo que integra a parte teórica do libro ten como título *Locuciones y proverbios de origen bíblico: creación y difusión en alemán y español* e foi orixinalmente publicado na *Revista de Letras* da Universidade Federal do Ceará (vol. 36, n.º 1, 2017). Nel, a autora realiza unha análise comparativa baseada nun corpus constituído por 350 bibleísmos en alemán e 265 en español, observando as especificidades deses fraseoloxismos canto a súa creación, difusión, equivalencia interlingüística e marcas estilísticas. Para iso, aplícase unha abordaxe interdisciplinaria, integrando aspectos históricos, culturais, traditolóxicos e lingüísticos.

A autora inicia a súa análise cunha discusión teórica sobre os chamados «internacionalismos», os cales se diferencian dos calcos por se trataren de unidades fraseolóxicas que xorden, simultaneamente, en diferentes linguas e presentan forma e contido similares, xa que derivan, xeralmente, dunha fonte común, como textos relixiosos, obras literarias de grande difusión ou proverbios creados con base en experiencias humanas universais. No entanto, a autora subliña que o simple feito de esas unidades existiren en varias linguas non implica que exista unha equivalencia plena. Ao contrario, hai diferencias formais, estruturais e pragmáticas significativas entre elas.

Por iso, adóitase considerar unha clasificación tipolóxica: os «bibleísmos literais», os cales manteñen unha proximidade formal cos textos bíblicos, e os «bibleísmos situacionais», que son construcións sen vínculo directo coa forma orixinal, mais semanticamente están inspirados en pasaxes da Biblia. Un dos principais méritos do traballo é o nivel de detalle tan minucioso dos exemplos fraseolóxicos que sustentan a clasificación proposta. A autora evidencia que moitos bibleísmos, mesmo aqueles con alta coincidencia formal, non corresponden plenamente aos seus equivalentes noutras linguas, en función de factores como: a multiplicidade de traducións da Biblia, a evolución semántica dos lexemas en cada idioma e a mediación cultural de cada comunidade lingüística. Por exemplo, o bibleísmo alemán *ein Dorn im Auge sein* ('ser unha espiña no ollo de alguén') ten correspondentes diferentes en ruso e polonés, revelando adaptacións simbólicas marcadas pola cultura local.

Outro aspecto relevante da análise é o impacto das tradicións relixiosas nas diferenzas cuantitativas e cualitativas entre os bibleísmos do alemán e do español. O luteranismo, por valorizar a lectura comunitaria das Escrituras, favoreceu a integración da citación bíblicas no uso cotián, o que explicaría o número significativamente maior de bibleísmos literais en alemán. Por outro lado, o catolicismo contrarreformista, que limitaba o acceso popular aos textos sagrados inhibiu ese proceso, facendo que moitos bibleísmos en español, por exemplo, xurdisen por vía oral, a través de sermóns, iconografía relixiosa ou obras devocionais, e non directamente da Biblia escrita.

A autora detense tamén na análise das diverxencias lexicais, estruturais e semánticas entre os bibleísmos nas dúas linguas. Expresións como *auf fruchtbaren Boden fallen* ('caer en terra fértil') non ten correspondente idiomático en español, e outras, como *wie Schuppen von den Augen fallen* ('caer dos ollos como escamas'), son pouco comúns ou inexistentes. Inversamente, expresións como *rasgarse las vestiduras* quedaron fixadas unicamente no español. Mellado demostra que aínda que os bibleísmos situacionais, ao xurdiren en contextos menos formais e estaren máis suxeitos á oralidade, son máis propensos á diverxencia, variación lexical e connotacións culturais propias. A autora ilustra esas diferencias con exemplos como *von Pontius zu Pilatus laufen* ('correr de Poncio a Pilato', no alemán) e *ir de Herodes a Pilatos* (no español), que, aínda que están inspirados en pasaxes bíblicas similares, expresan significados distintos.

Outro punto destacable deste estudo é a sección dedicada á presenza do léxico relixioso en fraseoloxismos populares, especialmente no español. A autora observa que, nese idioma, hai unha abundancia de expresións con forte carga relixiosa, moitas veces marcadas pola irreverencia ou blasfemia, que non teñen paralelos directos no alemán, como *montar un Cristo* ou *por los clavos de Cristo*. A explicación para ese fenómeno atópase na herdanza cultural da Península Ibérica, incluíndo a tradición moura, a presenza dos conversos ao xudaísmo e o catolicismo popular marcado por imaxes, santos e cultos públicos.

Finalmente, a autora sustenta que a investigación sobre bibleísmos debe ultrapasar a idea de que tales unidades son equivalentes por natureza. En vez diso, ela propón un modelo analítico que considera a orixe textual, os procesos de tradución, as dinámicas de oralidade e as mediacións culturais implicadas na consolidación das unidades fraseolóxicas, o que garante a posibilidade de replicación da análise a outras linguas e culturas.

En termos formais, o artigo cumpre os requisitos académicos dun estudo empírico rigoroso, cunha ampla base teórica. A súa estrutura é clara e articula a base conceptual, a análise contrastiva e as consideracións histórico-culturais. Dende un punto de vista crítico, a principal contribución do artigo está en demostrar que os fraseoloxismos de orixe bíblica constitúen un campo fértil para a investigación lingüística e cultural, permitindo comprender como os textos sagrados se resignifican nas linguas e culturas que os acollen. A tipoloxía clasificatoria proposta, que diferencia os bibleísmos literais dos situacionais, ofrece unha ferramenta analítica eficaz, sobre todo en contextos de tradución. No entanto, podería ser enriquecida mediante un profundamento na perspectiva pragmática e discursiva que considera o uso actual das expresións en contextos reais de comunicación.

O segundo estudo que compón a parte teórica do libro titúlase *Simbología religiosa y metáforas de la imagen del CAMINO en la Biblia* e foi orixinalmente publicado en 2020 na colección *De aquí a Lima. Estudios fraseolóxicos del español de España e Hispanoamérica*, organizado por Elena Dal Maso e editado pola editorial Edizioni Ca'Foscari, en Venecia (Italia). O artigo propón unha análise minuciosa do esquema de imaxe «camiño» na Biblia, investigando a súa estrutura metafórica, o seu simbolismo relixioso e a súa proxección na fraseoloxía da lingua española. O traballo insírese no campo da Semántica Cognitiva, cunha forte base teórica en autores como Lakoff, Johnson, Jäkel e Dobrovól'skij, e ten como obxectivo principal comprender como a

metáfora conceptual A VIDA É UN CAMIÑO se configura no texto bíblico e se reflicte en unidades fraseolóxicas do español.

Xusto na introdución, a autora delimita o ámbito do estudo e informa que a análise está centrada en pasaxes do Antigo e do Novo Testamento que empregan os lexemas de lingua española «camino» e «senda», considerados a partir do concepto de «esquema de imaxe», ou sexa, patróns cognitivos orixinados da experiencia corporal e espacial do ser humano, os cales son obxecto de estudo do campo teórico da Semántica Cognitiva. O artigo, a pesar da súa densidade teórica, non busca esgotar o tema, mais si ofrecer unha visión panorámica dos sentidos relixiosos e lingüísticos arredor do concepto de camiño.

En primeiro lugar, a autora explica con claridade os fundamentos teóricos da Semántica Cognitiva, en especial o papel dos «esquemas de imaxe», estruturas mentais básicas recorrentes na experiencia corporal, como *camino*, *contedor*, *verticalidade* e *forza*. O esquema de *camino* é descrito como unha estrutura linear composta por un punto de partida, unha ruta e unha meta, á que se lle asocian outros subesquemas como *obstáculos*, *desvío*, *progreso*, *contraforza* e *guía*. Esa estrutura, pola súa simplicidade na experiencia humana, preséntase como base ideal para a construción de metáforas conceptuais.

O valor do estudo destácase pola aplicación da mencionada estrutura cognitiva á linguaxe bíblica. A autora investiga o porqué da forte presenza de idiomática do texto bíblico e atribúelle ese fenómeno á natureza figurativa da literatura hebrea, que emprega abundantemente quiasmos, parábolas, hipérbolos e repeticións, ademais de posuír un contido altamente simbólico. Como resultado, as unidades fraseolóxicas orixinadas da Biblia estendéronse por diversas linguas e culturas. Aquí, a autora retoma a tipoloxía aplicada ao primeiro estudo para a clasificación dos bibleísmos, que serían: os literais, que manteñen unha correspondencia case exacta cos textos orixinais, e os situacionais, que condensan os significados bíblicos sen reproducilos formalmente.

Con todo, a autora non se limita á identificación de bibleísmos, senón que se centra en metáforas conceptuais orixinadas do esquema *camino* e en como sustentan as unidades fraseolóxicas do español. Entre as metáforas analizadas están: A VIDA VIRTUOSA É UN CAMIÑO RECTO E CLARO; PECAR É DESVIARSE DO CAMIÑO; A MORTE É A FIN DO CAMIÑO; A LUZ É O BEN; AS TEBRAS SON O MAL. Esas metáforas son ilustradas con pasaxes bíblicos amplamente coñecidos, como o *Salmos 23* e *Xoán 14:6* («Eu son o camiño, a verdade e a vida»), e por expresións idiomáticas como *ir por el buen camino*, *apartarse del buen camino*, *estar perdido* ou *desviarse del camino recto*, entre outras.

O artigo tamén destaca a relevancia de tres tipos de motivación metafórica para a formación das expresións idiomáticas, que serían: i) motivación experiencial, baseada en interaccións corporais e perceptivas co mundo. Por exemplo: os camiños rectos permiten visión clara, os camiños tortuosos son perigosos; ii) motivación simbólica, relacionada coa tradición cristiá, que asocia o ben coa luz, a rectitude e a elevación; iii) motivación intertextual, que se refire á reiteración das metáforas na literatura e na tradición cultural occidental, como nos textos de Jorge Manrique ou nos *Milagros de Nuestra Señora*, do monxe Gonzalo de Berceo.

A análise é enriquecida pola presentación dunha táboa final que sistematiza os paralelismos entre os compoñentes (os chamados *slots*) do dominio fonte CAMIÑO e os do dominio meta VIDA, consolidando as relacións entre viaxeiro e crente, meta e Deus, camiño claro e vida virtuosa, camiño escuro e pecado, entre outras.

Dende un punto de vista crítico, a orixinalidade do traballo reside na articulación entre a teoría cognitiva contemporánea e a esexese bíblica, con aplicación concreta na fraseoloxía do español. Mellado logra demostrar como as estruturas metafóricas fundadas na experiencia corporal e espacial, que son moitas veces tratadas de forma abstracta, atopan unha expresión concreta e histórica na linguaxe sagrada e nos seus desenvolvementos lingüísticos. Ademais, a autora contribúe á comprensión do papel das metáforas relixiosas na construción da moral, suxerindo que, na Biblia, o xuízo sobre a dirección do camiño (recto ou tortuoso, luminoso ou escuro) é máis importante que o progreso ou as etapas da vida.

A linguaxe do estudo é clara e accesible, aínda que densa en contido, e a argumentación está ben articulada, con exemplos pertinentes e diálogo constante cunha bibliografía especializada. A inclusión de pasaxes bíblicas ilustrativas, así como o organigrama do esquema principal do camiño e os seus subesquemas, ademais da pintura *El camino al cielo y al infierno*, atribuída a Gustav Peters, reforzan a dimensión simbólica da análise.

En resumo, o traballo é unha valiosa contribución aos estudos fraseolóxicos e á lingüística cognitiva, aplicada aos textos relixiosos. A análise do esquema de imaxes do camiño na Biblia non só alumea os mecanismos lingüísticos da formación de metáforas, senón que tamén revela como os mecanismos configuran a nosa concepción da vida, a moral e o destino.

A segunda parte do libro, por outra banda, escrita polo profesor Martins, está escrita en portugués brasileiro e consiste nun repertorio de 41 unidades fraseolóxicas de orixe bíblica organizadas en orde alfabética, nun formato semellante a un glosario. Cada entrada está composta por unha microestrutura que inclúe os seguintes elementos: significado idiomático da unidade, pasaxe bíblica de orixe, exemplos de contextos de uso e, eventualmente, variacións fraseolóxicas. Como exemplo, cítase a expresión bíblica *com o suor do seu rosto (comer o pão)* na que a explicación idiomática se refire á noción de traballo necesario para a subsistencia. A súa orixe está no versículo de *Xénesis 3:19* e presenta a variación fraseolóxica *à custa do suor de seu rosto*. O contexto de uso exemplifícase mediante un conxunto de citas, supostamente atribuídas a autorías da literatura brasileira oitocentista.

Porén, a pesar da riqueza de información e da proposta de vincular os bibleísmos mencionados á tradición literaria do século XIX, existe unha significativa lagoa metodolóxica: o corpus literario que sustenta os exemplos de contexto non está explicitamente presentado. Tampouco se especifica cales son as obras que foron analizadas para a selección das ocorrencias. A ausencia de tal indicación compromete a transparencia e a reproducibilidade da investigación, facendo ambigua a orixe das citas e impedindo unha verificación precisa das fontes, o que é un punto crítico en traballos de ámbito científico.

Ademais, existe unha discordancia estrutural e temática na composición xeral da obra. Ben que os dous estudos da profesora Carmen Mellado Blanco, incluídos na primeira parte, contribúen significativamente á comprensión dos bibleísmos no ámbito dos estudos fraseolóxicos interlingüísticos, a súa reedición no presente volume resulta metodoloxicamente desvinculada do propósito establecido no título do libro. Os artigos, centrados na comparación entre o alemán e o español, non abordan o portugués brasileiro, nin establecen unha relación directa coa literatura brasileira do século XIX. Tamén, as contribucións teóricas presentadas por Mellado, como a distinción entre bibleísmos literais e situacionais e a aplicación da semántica cognitiva ao esquema de imaxes do *camiño*, non se revisan, referencian nin aplican na descrición das unidades fraseolóxicas elaborada por Martins na segunda parte. A ausencia de articulación entre a teoría e a práctica compromete a cohesión do volume como obra científica, limitando a súa eficacia como contribución sistemática ao campo da fraseoloxía bíblica no contexto brasileiro.

En vista disto, é posible afirmar que a estrutura do libro carece de coherencia interna entre as súas partes constituíntes. A xustaposición de dous bloques temáticos autónomos, un cun perfil teórico, sen relación co portugués, e o outro descritivo e aplicado á literatura brasileira, sen a debida articulación metodoloxica, prexudica a natureza orgánica do volume e a claridade do seu obxectivo científico. A proposta de investigar a representación da fraseoloxía bíblica na literatura brasileira oitocentista esixiría, para acadar un maior rigor, tanto a aplicación dos conceptos presentados nos estudos introdutorios á análise dos datos como a explicación detallada do corpus empregado. Sen isto, o libro oscila entre unha colección de estudos previamente publicados e un glosario temático, sen configurarse como unha obra cohesiva e metodoloxicamente fundamentada sobre a presenza e función dos bibleísmos na literatura brasileira do século XIX.

Porén, a pesar das limitacións sinaladas respecto á estrutura e á articulación interna do volume, o libro representa unha contribución oportuna para o campo da fraseoloxía no Brasil, especialmente porque aborda un tema que aínda non está moi explorado nos nosos estudos lingüísticos: os bibleísmos e a súa inserción na tradición literaria brasileira. Destinado a un público académico composto por investigadores, estudantes de Letras, persoas estudosas da lingüística lexicográfica e aquelas persoas interesadas na fraseoloxía e na literatura, o traballo ofrece un punto de partida interesante para a investigación en profundidade sobre as unidades fraseolóxicas de orixe bíblica na lingua portuguesa. Ao recopilar e sistematizar os bibleísmos que forman parte do patrimonio discursivo nacional, aínda que de maneira preliminar, a obra facilita o acceso a un universo metafórico de forte impacto cultural e simbólico, contribuíndo ao recoñecemento da importancia dos fraseoloxismos bíblicos como obxectos lexítimos de análise lingüística, histórica e literaria.

Para concluír, o libro remata cunha lista completa das referencias bibliográficas á que segue unha nota de presentación con información sobre a autora, o autor e o ilustrador responsable das imaxes que acompañan a obra.

Angelo de Souza Sampaio  
Universidade Federal da Bahia (Brasil)  
ORCID: 0000-0003-2262-3041  
angelosampaio84@gmail.com